

COMUNICADO Nº 147/22 12 DE AGOSTO DE 2022

□ ARQUIVO DA DENUNCIA INTERPOSTA RN 29/2022, PRESENTADA POR A.G.E. MOTORSPORT E ESCUDERIA CARBALLIÑO:

• PARA LEELA PINCHA ENRIBA



VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



En Santiago de Compostela, a 29 de xuño de 2022, reunido o Comité Galego de Xustiza Deportiva en sesión plenaria celebrada o día da data, resolveu archivar a denuncia presentada por don A. G. E. coma Presidente da Escudería Carballiño e coma representante legal da Escudería AGE Motorsport, no expediente de Dilixencias previas 29/2022 de conformidade cos seguintes,

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Que en data 08.03.2022 e número 65, presentouse no Rexistro do Comité Galego de Xustiza Deportiva denuncia interposta por don A. G. E. coma Presidente da Escudería Carballiño e coma representante da Escudería AGE MotorSport na Asemblea de data 19 de decembro de 2022, no que pon de manifesto a existencia de irregularidades no seno da Federación Galega de Automobilismo (FGA) en canto a preferencia de datas para incluír no calendario o Rally del Lacón 2022, atribuíndo o referido Rally, de forma totalmente improcedente, ás escuderías, Escuderías JLB e Escudería Amoeiro.

SEGUNDO.- O 22 de marzo de 2022 ditouse providencia pola que se acordou abrir un período de información ou actuacións previas, coa finalidade de investigar os feitos para comprobar se son susceptibles da apertura dun expediente, todo elo, en virtude da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e, en concreto, en base o artigo 55 dese texto legal.

TERCEIRO.- Na mesma Providencia acordouse dar traslado da denuncia presentada a FGA e ás Escuderías JLB e Amoeiro, na súa condición de interesados, para que no prazo de 10 días, emitan informe no que podan facer as alegacións que interesen aos seus dereitos sobre os feitos denunciados

CUARTO.- Que en data 29 de abril presentouse no Rexistro do Comité Galego de Xustiza Deportiva as alegacións da FGA o 25 de abril as da Escudería Amoedo e o 27 de maio as da escudería JLB, conforme consta no expediente.

Foi relatora D^a. M^a. D. R. R..

FUNDAMENTOS DE DEREITO

COMITÉ GALEGO DE XUSTIZA DEPORTIVA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA
DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES
Rúa Madrid, 2-4, 2º andar. 15781 Santiago de Compostela

Verificación: <https://feeds.xunta.gal/ove>

